



## Concurso "A Coruña emprende"

### Mellores ideas de negocio

- 1º premio. "En Línea".  
Autores: Cielo Jaqueline Echeverría León, Marcos Insua Barbeito e Antía Mayo Fernández.  
Centro: CPI Vicente Otero Valcárcel.
- 2º premio. "Venta on line de produtos tecnolóxicos".  
Autores: Sandra Fachal Vilas, Belén Mosquera Gómez e Carmen Vázquez Gende.  
Centro: CPI Vicente Otero Valcárcel.

### Mellores proxectos empresariais

- 1º premio. "Energy Lar".  
Autores: Juan Manuel Queiruga Vidal, Ismael Alborés Suárez, Miguel Ángel Santos Mosquera.  
Centro: CIFP Someso.
- 2º premio. "D´Boa , centro de coaching e terapias orientais".  
Autores: Lucía Rabina Millet, Polyana Moreira de Oliveira e Eva Canoura Rodríguez.  
Centro: IES de Sabón.
- 3º premio. "Trebolecer".  
Autores: Iago Pazos Villanueva, Lara Montoto Dablanca, Nuria Vázquez Álvarez e Nicolás Coelho Gende.  
Centro: IES Isaac Díaz Pardo.



**eduemprende**

Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia

# A cultura emprendedora

Creatividade,  
iniciativa e  
responsabilidade

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

## Proxecto

O proxecto "A Coruña emprende" pretende a sensibilización, a motivación, a capacitación e o fomento do espírito emprendedor no alumnado de 6º de primaria, ESO, bacharelato e formación profesional.

Está demostrado que a educación e a formación contribúen á creación dunha cultura emprendedora empezando polas idades máis temperás, ao fomentar entre o alumnado as calidades persoais que constitúen a base do espírito empresarial: a creatividade, a iniciativa, a responsabilidade, a capacidade de afrontar riscos e a autonomía persoal.

Os obxectivos do proxecto "A Coruña emprende" son:

- Transmitir a cultura emprendedora ao alumnado da comarca de A Coruña.
- Concienciar ao alumnado na opción profesional de "por conta propia".
- Proporcionar ao alumnado unha formación específica sobre como por en marcha unha empresa.
- Difundir e dar a coñecer á sociedade estas iniciativas e xerar sinerxías.
- Dar a coñecer á sociedade este tipo de actuacións.

# A Coruña emprende



Este proxecto vense a sumar ás moitas colaboracións entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Alcoa. Esta proposta enmárcase no Plan de Emprendemento do sistema educativo de Galicia **eduemprende**.

Eduemprende constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria lle transmitirá á comunidade educativa.

O obxectivo principal é o fomento do espírito emprendedor entre o alumnado coa finalidade de crear empresas na provincia de A Coruña así como favorecer a responsabilidade e a autonomía persoal.

Está dirixido ao alumnado e profesorado dos niveis educativos 6º de educación primaria, ESO, bacharelato e formación profesional de 15 centros da provincia de A Coruña. Entre os centros participantes atópanse aqueles que contan con viveiro de empresas, como o CIFF Someso, o CIFF Anxel Casal-Monte Alto e o CIFF Paseo das Pontes.

### Institucións implicadas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coordina e organiza as actividades dirixidas tanto ao profesorado como ao alumnado facilitando a disposición dos espazos en colaboración cos centros educativos participantes.

**A Fundación Alcoa** proporciona a financiamento.

**La Opinión** divulgará todas as actuacións e resultados do proxecto.

### Actividades desenvolvidas

#### Actividades de formación para o profesorado

- Responsabilidade e emprendemento social.
- Plan de empresa e patentes e marcas.
- Marketing on line.
- Motivación e presentacións de impacto.

#### Actividades de formación para o alumnado

- Xornadas de motivación.
- Presentacións de impacto.
- Marketing on line.
- Patentes e marcas.
- Plan de empresa.
- Emprender con éxito.
- Emprendemento social.
- Responsabilidade social.

#### Concurso para o fomento da creación de proxectos empresariais

- Redacción dunha idea de negocio: 6º de Educación primaria, 1º e 2º de ESO.
- Pequeno proxecto de empresa: 3º e 4º de ESO.
- Proxecto empresarial: Bacharelato e Formación Profesional.

#### Elaboración de material didáctico

- Vídeos e publicacións.



## Proxecto

# A Coruña emprende